

ART. 5/4: Actividades extraescolares.

- Están organizadas pola ANPA.
- Anualmente, a ANPA deseñará un plan de actividades extraescolares que presentará á dirección do centro para a súa inclusión na Programación Xeral Anual.
- As actividades a desenvolver serán de tipo educativo, deportivo e cultural e adecuaranse aos espazos físicos no que se imparten.
- Haberá un profesor/a de garda, excepto os martes pola tarde, que ostentará a representación oficial do centro durante as actividades extraescolares que se realizarán de 16:00h a 18:00h.
- A persoa que imparte a actividade ou monitor/a recollerá ao alumnado na entrada principal, comprobando que están todos os alumnos/as da actividade.
- Se algún alumno/a chega tarde deberá tocar o timbre para que se lle abra a porta.
- A persoa encargada de impartir a actividade responsabilizarase da custodia dos nenos/as, do coidado das instalacións e do material utilizado.
- Unha vez finalizada a actividade, a monitora ou monitor acompañará ao alumnado ata a entrada principal, comprobando que todos e todas son recollidos polos correspondentes adultos.
- As familias teñen a obrigaón de ser as encargadas de recoller aos alumnos/as unha vez finalizadas as actividades extraescolares e ser puntuais
- A entrega será realizada polos monitores das actividades extraescolares baixo a supervisión do profesorado de garda.
- Ningún alumno/a poderá abandonar as actividades extraescolares sen custodia, excepto o alumnado de 5ºEP e/ou 6ºEP con autorización familiar.
- O modelo de autorización será entregado ás familias que o soliciten e deben devolverse asinadas ao equipo directivo do centro. Os monitores/as das actividades serán informados de tal circunstancia.
- Aquel alumno/a que non teña autorización para abandonar o centro, se non é recollido por un adulto no momento de acabar unha actividade, será entregado ao profesor/a de garda para que se poña en contacto coa familia.
- Se o alumno/a non é recollido pola persoa habitual (pai, nai e/ou titor) deberá vir provisto da autorización da familia e identificarse co seu DNI para poder recollelo. Esta persoa, non habitual, poderá ser un adulto ou poderá ser un irmá/n maior que estea matriculado en 5ºEP e/ou 6ºEP pero sempre disporá dunha autorización familiar do alumno/a que veña a recoller.
- Se a familia chega tarde a buscar ao seu fillo/a, chamará ao centro por teléfono para avisar desta circunstancia. O profesorado de garda velará para que así sexa.
- En caso de que algún neno ou nena non sexa recollido nese momento, o monitor/a acompañarao ata o profesorado de garda para que se faga cargo de el.
- O profesorado de garda chamará á familia do alumno/a que non fose recollido
- O alumnado deberá respectar, coidar e manter no mesmo estado en que as atopou, as aulas e os materiais que conteñen, utilizadas para ditas actividades.
- Os nenos/as terán un bo comportamento e seguirán as indicacións do monitor/a e do responsable da ANPA.
- O alumnado só poderá permanecer na biblioteca ou na actividade na que estea inscrito, non podendo, en ningún caso, acceder ás aulas ou andar libremente polo colexio. Os martes pola tarde a biblioteca estará pechada e o profesorado non estará dispoñible para a garda,

- As actividades extraescolares forman parte das actividades de carácter educativo nas que o alumnado pode participar no centro escolar. Con este punto de partida merece un tratamento idéntico a calquera outra actividade que teña lugar no mesmo, sendo obxecto de aplicación expresa as Normas de Organización e Funcionamento expresadas anteriormente que regulan as condutas leves e graves contrarias á convivencia, pero tamén terá o seu regulamento específico.
- Para os monitores/as das actividades extraescolares: segundo a Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia que, ente outras, modificou a Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor. A nova lei establece no seu artigo 13.5, textualmente, o seguinte: *“Será requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, o non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. A tal efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais”*.

Para tal efecto, a Dirección do centro solicitará do persoal afectado unha certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais. Para o caso de que se trate de estranxeiros, ademais deberán achegar un certificado negativo de antecedentes penais do seu país de orixe ou de onde é nacional, traducido ao galego ou castelán e legalizado de conformidade cos Convenios Internacionais en vigor, sempre respecto dos delitos aos que se refire o xa citado artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996.

Protocolo de accidentes nas Actividades Extraescolares:

(VER ANEXO XIII DO PEC: "PROTOCOLO XERAL DE ACCIDENTES E ENFERMIDADES DO ALUMNO/A").